



## Concello de Vigo

### **JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO ACCIDENTAL DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORZAMENTOS E FACENDA,**

**CERTIFICO:** Que a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria e urxente do 20 de febreiro de 2019 ditaminou a seguinte proposta:

#### **4.- APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCIERO CON MOTIVO DO INCUMPRIMENTO DO OBOXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DA REGRA DE GASTO NA LIQUIDACIÓN DOS ORZAMENTOS DO EXERCICIO 2018. EXPTE. 60/142 (1971/1101)**

Con seis votos a favor (G.M. Socialista) e tres en contra (G.M. de Marea de Vigo e G.M. do Partido Popular) a comisión ditamina favorablemente a seguinte proposta:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o Plan SIN MEDIDAS ADICIONAIS, por un gasto non recorrente, do Grupo Concello de Vigo que rexerá para o ano 2019 e 2020, que ten como resultado dar cumprimento aos obxectivos previstos para a Liquidación do Orzamento do ano 2019/2020 en canto á Estabilidade Orzamentaria e a Regra de Gasto.

**SEGUNDO.-** O documento aprobado para o perímetro de consolidación, debe ser a incorporado á plataforma do MINHAC, co aplicativo habilitado (PEFEL2), que facilita a súa incorporación dando así cumprimento ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012 e artigo 116 bis da Ley Reguladora das Bases de Réxime Local.

**TERCEIRO.-** A competencia para a aprobación do plan correspóndelle a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, por ser o órgano que ten a tutela financeira regulada no artigo 49 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia.

**CUARTO.-** En aplicación do previsto no artigo 9.3 da Orde HAP/2105/2012, a información a subministrar para o seguimento das medidas previstas farase antes do día 15 do primeiro mes seguinte ao do trimestre. Si ben a remisión hai que facela á Xunta de Galicia, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia por ter a tutela financeira.

**QUINTO.-** Ao non ter medidas de seguimento e control, o plan quedará suxeito a que se de cumprimento aos obxectivos fixados para a Liquidación do Orzamento do ano 2019/2020. No entanto o anterior, o Concello quedará suxeito á remisión de información que solicite a Consellería de Facenda que non estea publicada e remitida por canles oficias a outras administracións así como aos controis trimestrais.

**SEXTO.-** De concorrer algún gasto extraordinario non previsto no plan, que



afectase ao cumprimento das variables fiscais, sería necesario facer os axustes nas previsións, execución e recadación se fose o caso, e comunicalo ao MINHAC á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. Se a mesma é de un maior gasto, haberá que adoptar acordo de non dispoñibilidade para compensar o exceso non previsto.

**SETIMO.-** O pleno da Corporación deixará sen efecto o plan cando se alcance o equilibrio en fase de liquidación, polo que de cumprirse as previsións, xuntamente coa Liquidación do ano orzamento do ano 2019, terase que deixar sen efecto.

E para que conste e a efectos da súa inclusión na orde do día do Pleno da Corporación, expido a presente en Vigo, á data de sinatura dixital.  
lc.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/02/2019 11:48

Páxina 2 de 2

Expediente 60/142

CSV: 2AE35E-8E5F58-5H45D1-RN1LVK-X2DNTP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>